

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 26/3001

Feitos

Primeiro. Con data do 28.04.2026, este servizo de persoal docente e investigador recibe comunicación de que os seguintes membros da comisión de selección da praza 26/3001, de profesor/a axudante doutor/a do Departamento de Educación Física e Deportiva (convocada por Resolución reitoral do 09.02.2026), incorren en conflitos de interese, segundo o establecido no artigo 6.12 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024:

Arias Rodríguez, Pablo: representante do persoal traballador

Segundo. O Comité de Empresa de PDI laboral formulou unha nova proposta de representante do persoal traballador.

Consideracións legais e técnicas

O artigo 6.7 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada en Consello de Goberno de 07.11.2024, establece que nas prazas do ámbito laboral formará parte das comisións de selección un membro proposto pola representación dos/as traballadores/as, que actuará con voz e sen voto.

O artigo 6.10 da citada normativa, establece que o nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, agás cando concorra unha causa xustificada que impidise a súa actuación, como é este caso.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 126 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 94/2025 do 6 de outubro, (DOG do 27 de outubro).

De acordo co indicado, dispón a seguinte substitución, para a comisión da praza indicada:

Representante do persoal traballador, substitúese a Pablo Arias Rodríguez por Miguel Ángel Saavedra García.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)
A vicerreitora de Profesorado
María Teresa López Fernández